

CONSELLO DE CAMPUS DE PONTEVEDRA

ACTA DA SESIÓN DO 27 DE XUÑO DE 2016

Sesión: Ordinaria

Lugar: Sala de Conferencias da Casa das Campás de Pontevedra, ás 9:00 h en primeira convocatoria, 9:30 h en segunda.

Data: 27/06/2016

Hora de comezo: 9:30 h.

Hora de remate: 10:36 h.

ASISTENTES:

Baamonde Silva Xosé

Corbacho Valencia Juan Manuel

Dopico Aneiros Dolores

García Soidán José Luis

López Rubianes Lucrecia

Mato de la Iglesia Salustiano

Rodríguez Fuentes, Gustavo

Valero Gutiérrez del Olmo, Enrique

EXCUSAN A SÚA AUSENCIA:

García González Silvia

García-Pintos Escuder Adela

Romo Pérez Vicente

ORDE DO DÍA:

1: Lectura e aprobación, se procede, da acta da sesión anterior.

Non recibimos correccións. Apróbase por asentimento dos presentes.

2: Informe do Presidente.

- Da a benvida ao novo membro do consello: Gustavo Rodríguez Fuentes, decano da Facultade de Fisioterapia.
- Informa do convenio acadado co Concello de Pontevedra para a utilización do edificio de Benito Corbal, e para que sexa a sé do Campus CREA S2i, así como para outros usos xenéricos de campus como pode ser o Centro de Linguas, INCUVI, curso de maiores, etc.
- Agradece ao Concello de Pontevedra o acordo alcanzado para a bonificación do 95% do IBI das instalacións da Universidade de Vigo no campus.
- Informa da posta en marcha dun protocolo de colaboración coa Deputación de Pontevedra. Os/as investigadores/as recibiron o pasado xoves 3 de xuño o

correo electrónico, para que remitisen ata o vindeiro venres, 8 de xullo, as súas solicitudes acompañadas dunha memoria e un presuposto, haberá máis convocatorias.

- Comunica a aprobación no Consello Galego de Universidades do Master en Deseño e Moda no campus de Pontevedra
- Resume a información da CRUE, sobre as futuras titulacións segundo o modelo 3+2.
- Informa sobre o acceso á universidade e bolsas, proposto no Consello de Universidades.
- Comunica que a Escola de Enxeñaría Forestal é o primeiro centro do campus que recibe a acreditación do seu sistema interno de garantía de calidade.
- Felicita a Ángeles Parrilla Latas e Manuel Moldes, profesores deste campus, que recibiron os premios Pontevedreses do Ano 2015, nas categorías investigación e cultura respectivamente.
- Recoñece a labor e participación da Policía local no campus de Pontevedra, nas xornadas cero violencia viaria celebradas o pasado 19 de maio.
- Informa da constitución da asociación de antigos/as alumnos/as da Facultade de Belas Artes chamada REDExBBAA que se presentou o martes 21 de xuño na Casa das Campás. O seu fin principal é unir a tódolos exalumnos que cursaran unha titulación na Facultade de Belas Artes: licenciatura, grao, ESDMGA, mestrado e/ou programa de doutoramento. Pretenden agruparse para consolidar a súa presenza na sociedade e impulsar a profesión para ter unha maior proxección social. A priori, van colaborar en proxectos como a rehabilitación do camiño de Santiago no seu paso por Barro, na Barosa líquida ou unha proposta de proxecto que se está a prantexar con Viaqua.
- O Sr. Presidente cede a palabra ó Vicerreitor do Campus.

Informe do Vicerreitor do Campus de Pontevedra

Infraestruturas (informe):

- Conexión do carril bici coa rede municipal
- Colocación de iluminación no Plató de Cine da Facultade de CCSS
- Mellora da accesibilidade da Facultade de Educación coa colocación dunha segunda porta automática na entrada principal.
- Adaptación dos indicadores dos centros á imaxe corporativa da UVigo (en plena execución)
- Construción na parcela 1 dun carreiro peonil e conexión coa Avda. de Compostela (inicios das obras na semana do 28 de xuño)
- Plantación de árbores na parcela de Fac. de Educación para construción de barreira forestal.
- Reposición de árbores diante de Fac. CCSS (colocación de 3 liquidambares)
- Colocación de baranda perimetral na Fac. CCSS para evitar caídas (esixencia de plan de riscos)

- Construción de conexión peonil do parking de Fac. CCSS con beirrarúa de Fac. Educación
- Segunda fase de climatización de zona planta baixa de Fac. Educación
- Posta en funcionamento con gas natural das caldeiras de Fac. CCSS e Educación.
- Xa está en marcha procedemento negociado de contratación das obras do parking de Educación. Está previsto que as obras comencen durante o verán, no mes de agosto.

Outras obras previstas para este ano son:

- Conexión co gas natural en BBAA.
- Mellora da accesibilidade do pavillón de deportes (ascensor e porta automática).
- Pintado de Forestais e portas automáticas (as portas son de colocación inmediata).
- Obras de mellora da entrada a BBAA.

Área de Cultura e Extensión Universitaria

- Celebración da Semana Internacional da Creatividade e da Innovación cun amplo programa de actividades nos centros, pero tamén na vicerreitoría con sendas xornadas sobre experiencias docentes no campus, sobre investigación e coa masterclass a cargo de David Alayón, director de innovación de Inditex. Vimos de entregar os premios do concurso fotográfico #CREAS2i aos dez finalistas cunha participación de máis de 200 participantes.
- Espazo CreActivo, convocatoria de éxito con 21 propostas entregadas e dous premios, un para unha alumna da Facultade de Ciencias Sociais e da Comunicación, Valentina Bouzada Salias e dun alumno da Facultade de Belas Artes, Mario Díaz.
- Miradas femininas ao cine francés contemporáneo: cinco proxeccións no mes de maio de directoras francesas.
- Desembarco da Cátedra Álvarez Ossorio no Museo de Pontevedra cunha charla e exposición sobre o mariño Blas de Lezo.
- Preto de 300 estudantes de sete centros de primaria participaron na Feira de Miniciencia Ponteenciencia na Escola de Enxeñaría Forestal. Agradece o vicerreitor de campus á Escola e ao seu equipio directivo a súa disposición así como ao persoal de administración e servizos.
- Remate de Conversas na Uvigo, martes 28 de xuño co adestrador do Pontevedra C.F. Luisito e o xornalista Xaime Nogueira, por certo, exalumno do campus.
- Festival Novos Cinemas primeira edición, coa participación de doce estudantes no obradoiro Mirar o río – cinema e paisaxe que se proxectará o 28 de xuño, día da estrea do festival. Ademais cinco estudantes do campus conformarán o novo xurado e unha vintena participa como voluntarios e voluntarias na organización do mesmo.
- Terceira Edición do Pont-up do 22 ao 24 setembro.

- Celébrarase o III Congreso Internacional de Videoxogos e Educación coa implicación das Facultades de Ciencias Sociais e da Comunicación, Ciencias da Educación e do Deporte e de Belas Artes.

3. Informe e envío, se procede, da memoria definitiva do Programa de Doutoramento en Creatividade e Innovación Social e Sustentable dentro do proxecto de especialización CREA S2i do campus de Pontevedra para o curso 2017/2018 á Vicerreitoría de Organización Académica e Profesorado..

Comisión composta por:

- Ana Belén Fernández Souto (directora)
- María Isabel Míguez González (secretaria)
- Lola Dopico Aneiros
- José Luis García Soidán
- Josefina Garrido
- Alicia González Represas
- Montserrat Vázquez Gestal
- Juan Picos Martín
- Vicente Romo Pérez
- Patricia Valcárcel

4. Rogos e preguntas.

- O profesor Gustavo Rodríguez pregunta sobre o futuro estacionamento nas Facultades de Fisioterapia e Ciencias da Educación. O Vicerreitor do Campus, responde que se está deseñando a reordenación dos aparcamentos, para que estes sexan abertos.
- O profesor Enrique Valero oferta aos equipos docentes dos centros veciños, 3 prazas de estacionamento por facultade, na zona reservada. Sinala que na remodelación dos espazos de estacionamento, debería contemplarse o aparcamento en batería.
- O profesor Vicente Romo, que debería eliminarse o espazo en forma de T de estacionamento entre as facultades, e que soamente se aparcase na circunvalación. O Presidente e o Vicerreitor, sinalan que se estudarán todas estas propostas.

Sen máis asuntos que tratar, levántase a sesión ás 10:36 h., co visto e prace do Presidente e do que eu como Secretario dou fe.

Pontevedra a 27 de xuño de 2016

O Secretario

Vº e Prace do Presidente

José Luis García Soidán

Salustiano Mato de la Iglesia

